PARLAMENTO DE GALICIA

[JCCP/RRC/MSGN]

Acta da sesión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, do día 18 de marzo de 2025

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, o día 18 de marzo de 2025, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Patricia García González
(Presidenta)
Paula Mouzo Mas
(Vicepresidenta)
Carmela González Iglesias
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Deza Martínez
Jesús María Fernández Rosende
Miguel Fidalgo Iglesias
María Magdalena Pérez Millares
Carmen María Pomar Tojo
(en substitución de María Dolores Hermelo Piñeiro)
Raúl Santamaría González
Manuel Santos Costa

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Iria Carreira Pazos
(en substitución de Paulo Ríos Santomé)
Daniel Castro García
Rosana Pérez Fernández
José Daniel Pérez López

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Julio Ernesto Abalde Alonso
Carlos López Font

Propoñente:
Ramón Tomás Fernández Alfonzo

Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto único.- Proposicións non de lei

1.1 **10432 (12/PNC-000981)**
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que active os mecanismos precisos para crear un rexistro especial para a frota pesqueira de altura que poida afianzar as expectativas deste sector
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 81f2, do 11.09.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Fidalgo Iglesias, Miguel (P),** que pasa a dar conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor López Font, Carlos (S)**, quen, logo de expoñer diversas consideracións discrepantes coa proposta formulada, defende a postura do seu grupo a favor do que se demanda con esta proposta.

Nesta mesma rolda a **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG),** tras deixar constancia das súas argumentacións á respecto da iniciativa, matiza moitas das afirmacións realizadas pola propoñente e anuncia o posicionamento favorable á mesma.

Na rolda de puntualizacións o **señor Fidalgo Iglesias, Miguel (P),** logo de lembrar aos 19 tripulantes do barco palangreiro Pico Tresmares de Celeiro afundido no Pacífico, agradece o apoio dos grupos á proposta de referencia.

1.2 **19056 (12/PNC-001747)**
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fidalgo Iglesias, Miguel e 7 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que revise a súa futura normativa en relación coa inclusión dos produtos do mar nas recomendacións para a composición dos menús escolares
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 156f2, do 12.02.2025

O **señor Santamaría González, Raúl (P),** expón os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa presentación escrita e

publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor López Font, Carlos (S)**, para motivar o posicionamento favorable do grupo ao que representa.

En segundo lugar intervén a **señora González Iglesias, Carmela, (BNG),** motivando o apoio do seu grupo a esta iniciativa de impulso.

Na rolda de puntualizacións o **señor Santamaría González, Raúl (P),** agradece o apoio do voceiro e da voceira dos grupos parlamentarios polo apoio a esta iniciativa e comenta as anteriores intervencións.

1.3 19350 (12/PNC-001777)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis
Sobre medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 156f2, do 12.02.2025

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha autoemenda de adición dun punto 4 (documento número 21844) e outra emenda por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia (documento número 21870), das que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copia dos citados documentos).*

Deseguido concédelle a palabra ao **señor Fernández Alfonzo, Ramón Tomás (BNG)**, quen procede á defensa e formulación desta proposición non de lei e da autoemenda, ampliando as argumentacións expresadas por escrito e publicadas no Boletín anteriormente citado.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén o **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S)**, quen, logo de explicar o sentido da emenda, anuncia o voto favorable do seu grupo a esta proposta.

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes intervén a **señora Mouzo Mas, Paula (P)**, -logo de abandonar do seu posto na Mesa, de acordo co disposto no artigo 82 do RPG- para expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada e motiva o voto en contra do grupo ao que representa.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida o **señor Fernández Alfonzo, Ramón Tomás (BNG)**, lamenta a postura do grupo que apoia ao Goberno e manifesta que non acepta a emenda presentada polo grupo da oposición.

PARLAMENTO DE GALICIA

Neste intre a Presidencia -previamente informados os voceiros dos grupos parlamentarios- comunica a acumulación a efectos de debate das iniciativas números 20438 e 20572, de conformidade co establecido no artigo 162.2 do Regulamento da Cámara.

1.4 **20438 (12/PNC-001902)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos
Sobre a demanda ao Goberno galego de plans e estratexias para conter a expansión da planaria "Postenterogonia orbicularis" nas augas do litoral galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 162f1, do 26.02.2025

1.5 **20572 (12/PNC-001918)**
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha diante da crecente presenza nas augas das costas galegas de especies invasoras prexudiciais para o medio mariño
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 162f1, do 26.02.2025

A Presidencia, previamente, comunica que á proposición non de lei número 20438 (1.4) presentouse unha autoemenda de adición (doc. núm. 21871), e unha emenda de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 21904), das que obvia a súa lectura dado que se remitiu copia aos distintos portavoces.

Intervén en primeiro lugar o **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S),** seguida da **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG),** ambos intervenientes defenden e formulan as súas respectivas iniciativas con ampliación dos argumentos que delas se fan por escrito e que aparecen publicados nos BOPG que anteriormente se refiren.

Para defensa da emenda de substitución presentada (núm. 21904) toma a palabra o **señor Fernández Rosende, Jesús María (P),** para explicar o contido da emenda e pedir a votación por puntos da iniciativa presentada polo G.P. dos Socialistas de Galicia.

Na rolda de puntualizacións, tanto o **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S),** como a **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG)**, inciden na importancia das súas respectivas iniciativas.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

PARLAMENTO DE GALICIA

1 10432 (12/PNC-000981), do G.P. Popular de Galicia. Sométese a votación o texto orixinal, que resulta **aprobado** por.

Votos a favor:..... 14 (G.P.P+BNG)
Votos en contra: 0
Abstencións: ..... 2 (G.P.S)

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno Central para que estableza as medidas necesarias para que se poida activar un mecanismo de segundo rexistro para a frota pesqueira de bandeira española que opera fóra das augas do caladoiro nacional, para frear a perda de unidades, reter tripulantes e mellorar a súa competitividade afianzando as expectativas de futuro do sector pesqueiro español e a soberanía alimentaria que representa.»

2 19056 (12/PNC-001747), do G.P. Popular de Galicia. Sométese a votación o texto orixinal, que resulta **aprobado pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas con dereito a voto.**

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que na elaboración do real decreto teña en conta as seguintes consideracións:
1. Fixar como recomendable un consumo mínimo de tres racións de peixe por semana, en liña coa Aesan e a OMS.
2. Revisar e eliminar o punto en que se insta a evitar o consumo de produtos do mar polo seu alto contido de mercurio, cando en ningún outro alimento se fai mención aos posibles contaminantes que puider conter.
3. Corrixir o texto no xeito de que se segue a incluír o peixe, dentro da proteína animal, sen diferencialo da carne, cando é nutricionalmente máis completo e saudable.
4. Eliminar as referencias ás tendencias dietéticas (como o vexetarianismo) para desenvolver as recomendacións, algo que pode sentar un preceden-te e facer que a norma perda o seu carácter neutral.»

3 19350 (12/PNC-001777), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto orixinal coa modificación derivada da autoemenda (núm. 21844), que resulta **rexeitado** por.

Votos a favor:..... 7 (G.P.BNG+S)
Votos en contra: ..... 9 (G.P.P)
Abstencións: 0

4 20438 (12/PNC-001902), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Non se acepta a votación por puntos e sométese a votación o texto orixinal coa modificación derivada da

PARLAMENTO DE GALICIA

autoemenda (núm. 21871), que resulta **rexeitado** por.

Votos a favor:..... 7 (G.P.BNG+S)
Votos en contra: ..... 9 (G.P.P)
Abstencións: 0

5 20572 (12/PNC-001918), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto orixinal, que resulta **rexeitado** por.

Votos a favor:..... 7 (G.P.BNG+S)
Votos en contra: ..... 9 (G.P.P)
Abstencións: 0

A Presidencia agradece a asistencia dos deputados e os servizos prestados polos servizos da Cámara.

Remata a sesión ás 12:30 horas.

Patricia García González

Firmado digitalmente por Patricia García González
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Patricia García González, email=patricia.garcia.gonzalez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.03.26 13:42:11 +01'00'

V.º e pr.
Patricia García González
Presidenta da Comisión

Carmela González Iglesias

Firmado digitalmente por Carmela González Iglesias
Fecha: 2025.03.25 13:11:18 +01'00'

Carmela González Iglesias
Secretaria da Comisión